



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE AGOSTO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día once de agosto de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde en funcións D. Miguel A. Español Otero, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONS.

Vista a Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociación de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Eliminación de barreiras arquitectónicas na praza de abastos.
- Orzamento total da obra: 105.000 €
- Subvención solicitada 60.000 euros.

A Xunta de Goberno Local se compromete a executar a actividade de formación e asesoramento dos praceiros para mentoring comercial, e asumir o custe total da mesma, cun orzamento de 3.000 euros (IVE engadido), polo que non solicita subvención para esta actividade.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2016 se adoptou un acordo polo que se modificaba o orzamento do proxecto MOBILIARIO URBAN, pasando de 27.986,91€ a 24.612,06€, para o cal se solicitara, por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de febreiro de 2016, unha subvención ó abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra

Visto que no mesmo acordo de 26 de xullo de 2016 se produxo un erro na cantidade da subvención solicitada toda vez que se solicitou o importe íntegro do proxecto cando o Concello da Guarda vai colaborar no seu financiamento achegando a contía de 1.053,34



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda corrixir o erro producido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2016, de tal forma que queda como sigue:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “MOBILIARIO URBÁN”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado MOBILIARIO URBÁN.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 23.558,72 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 1.053,34 euros. Ó órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Vista a Disposición Transitoria Única da Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se modifican os módulos económicos para renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Xunta de Goberno Local acorda modificar e reformular a solicitude de financiamento recollida no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2016 e solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 181.506,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 33.630,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
- Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 126.876,00 €
- Xestión de programas: 21.000,00 €
- Investimento: 0,00 €

A Xunta de Goberno Local declara que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

O Concello da Guarda comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 286.972,51 €, que supón unha porcentaxe do 61,26% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 5.230 de data 10 de agosto de 2016, presentado por D. ANTONIO SACO CID, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Xoan XIII, nº 1-7º C de Ourense, solicitando a actuación do Concello para preservar o “Camiño das 14 revoltas” tomando as medidas necesarias para que non sexa utilizado por ciclistas.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 4.784 de data 26 de xullo de 2016, presentado por DNA. ANTONIA BAZ GONZALEZ, con enderezo na rúa do Porto, nº 27 da Guarda, reiterando a súa solicitude de arranxo do do desnivel que ofrece o pavimento na rúa Transv. Inguieiros.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está estudando a solución axeitada.

Lese o escrito RE 4.954 de data 2 de agosto de 2016, presentado por D. MARCOS ALONSO GONZALEZ, con enderezo na rúa Tui, nº 14-1ª da Guarda, solicitando que se leven a cabo os arranxos pendentes da rúa Tui.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se fará no prazo máis breve posible.

PUNTO 3.- INFORMES

Lese o escrito RE. nº 4.939 de data 2 de agosto de 2016 presentado por D. J.B.F., con enderezo na rúa Cal, nº 149 da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Cal, nº 149.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 4.788 de data 26 de xullo de 2016, presentado por Dª. A.G.A., actuando en representación de D. A.M.R., con enderezo na Rúa Dominguez Fontela, nº 2, Escaleira esquerda - 3ºD da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Domínguez Fontela, nº 2, Esc. Esquerda - 3ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello segundo o cal a usuaria Dª. E.L.A. causa alta con data 08.08.2016 no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a dependencia e polo tanto baixa no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- ACORDOS

Lese o escrito RE 4.962 de data 2 de agosto de 2016, presentado por D. FERNANDO DOMINGUEZ MARTINEZ, en calidade de secretario da Asociación Cultural Ciklon, con enderezo na rúa Rosal, nº 54 da Guarda, solicitando a colaboración de Protección Civil no desenvolvemento da Andaina Nocturna que vai ter lugar o vindeiro día 27 de agosto no entorno das Eiras - O Rosal.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que Protección Civil só atende ás peticións oficiais dos Concellos para actos organizados.

Lese o escrito RE 4.951 de data 2 de agosto de 2016, presentado por ASOCIACIÓN CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio previstas para os días 1, 10, 11, 19, 20 e 21 de agosto de 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lense os escritos RE 4.910 e 4.911 de data 1 de agosto de 2016, presentados por ASOCIACIÓN CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, solicitando a colaboración do Grupo de Emerxencias Supramunicipal e da Policía Local, respectivamente, nos diferentes actos das Festas de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.955 de data 2 de agosto de 2016, presentado por PIZZERÍA CARLA, con enderezo na rúa Coruña, nº 6 da Guarda, solicitando permiso para ocupar espazo público con mesas e cadeiras diante do local durante as festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local da Guarda, acorda denegar a súa solicitude.

Non habendo máis asuntos que tratar ó sr. Presidente levanta a sesión ás 10:45 horas da que eu, como secretaria, dou fe.